



CONVOCATORIA 2025 DE DÚAS **BOLSAS DE DIVULGACIÓN DE TITULACIÓNS** PARA O ALUMNADO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

OBXECTIVO DAS BOLSAS

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña (ETSECCP) convoca **DÚAS BOLSAS** para realizar tarefas de divulgación da ETSECCP dos graos e másteres da Escola no curso académico 2025/2026 segundo os requisitos que se establecen a continuación.

DOTACIÓN, CONTÍA E PAGOS

A contía bruta da bolsa será de 500€. A dedicación de cada bolsa será de **80 horas** a realizar en 2025, sendo sempre compatibles coas actividades docentes do alumnado.

A dotación total das bolsas será de 1.000€ con cargo á partida orzamentaria 660A 300C 480.00, sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poden solicitar a bolsa todo o alumnado da Escola que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar matriculado no curso 2025/26 en calquera dos cursos dos graos ou másteres da Escola a tempo completo. As materias ou créditos recoñecidos, validados, adaptados ou transferidos non se terán en conta para o cumprimento destes requisitos. Os estudantes estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a condición de residentes, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.
- Ter superado un mínimo de 60 ECTS.

CRITERIOS DE SELECCIÓN.

As bolsas adxudicaranse aos solicitantes co mellor expediente académico.

SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO

O alumnado que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria, deberá tramitar a solicitude da bolsa cubrindo o formulario Forms. Poderase requirir ás persoas solicitantes, a exhibición da documentación orixinal. O prazo de presentación das solicitudes estará aberto **desde o 16 de outubro ata o 23 de outubro de 2025**.

<https://forms.office.com/e/0gbi4XR38E?origin=IprLink>



INCOMPATIBILIDADES, OBRIGACIÓNS E INCUMPRIMENTO DAS PERSOAS BOLSEIRAS

As que estableza a lexislación vixente. Non percibir salarios que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, cando supoñan a obtención de ganancias superiores ao seu importe ao Salario Mínimo Interprofesional no curso académico.

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade.

COMISIÓN DE SELECCIÓN.

A Comisión de Selección estará composta polas seguintes persoas: a) Presidente: Luís Ramírez Palacios, director da Escola, b) Secretario: Arturo Fontán, secretario académico, c) Vogal 1: Diego Carro López, responsable de mobilidade e divulgación.

RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez que acabe o proceso de avaliación das solicitudes, publicarase na páxina web da Escola a listaxe provisional da resolución da convocatoria. As persoas interesadas poden presentar alegacións e a documentación necesaria para emendar erros no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día hábil seguinte ao de publicación da resolución. Unha vez revisadas as alegacións e a documentación pola Comisión de Selección, publicarase unha resolución que conterá a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das bolsas, así como a lista de espera, se a hai.

PROTECCIÓN DE DATOS.

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RGPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámoslle de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: Rúa d Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude na páxina web da Escola

A persoa interesada consente no tratamento dos datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus



datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites;
- Mediante unha solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), na dirección Secretaría Xeral, Reitorado da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, ou no correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, na mesma dirección postal anteriormente indicada, ou no correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos nos artigos 44 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento que alcanza, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados na páxina web da ETSECCP.

No lugar e data que se indican na firma dixital

O director da Escola,
Luís Ramírez Palacios